


### ÁBSIDA

Do latín *absis*, bóveda. É a cabeceira da nave central dunha igrexa. Normalmente é semicircular e a cuberta é abovedada. Pódese completar con absidiolos. É un elemento característico dos edificios do Románico e Gótico.

É unha das partes fundamentais do edificio, onde se sitúa o altar maior ou a xirola, no caso das igrexas de peregrinación. Exemplo: Catedral de Santiago de Compostela, abside semicircular, con xirola e cinco absidiolos.



### ALTORRELEVO

Tipoloxía escultórica. Escultura que se realiza sobre unha superficie e sobresa máis da metade do seu volume. É case unha escultura de vulto redondo. Un exemplo de altorrelevo é o grupo escultórico exipcio da Tríada de Mikerinos.

Os outros dous tipos de relevo son o baixorrelevo, cando sobresa do fondo menos da metade do vulto e mediorrelevo cando sobresa a metade.



### APARELLO

O aparello é como se designa ás diferentes formas de dispoñer os materiais construtivos no muro, case sempre sillares de pedra e de ladrillo.

#### ➤ Almofadado (almohadillado)

A sillería está construída a base de sillares labrados de xeito que as xuntas están afundidas e biseladas. Un exemplo no Pazo de Carlos V na Alhambra de Granada.




#### ➤ Cachotería (mampostería)

O aparello está feito de cachotes de pedras irregulares sen labrar ou pouco labradas, colocados sen orde de filas nin de tamaños e unidos con argamasa. Hai moitas variantes. A arte asturiana (prerrománica) destaca polo uso da cachotería nos seus edificios.

#### ➤ Aparello de perpiaño (cantería)

A obra está feita con sillares, pedras de forma regular, que soen estar ben labrados e ben aparellos na construción. Ex. Arquitectura grega.

APARELLO DE CACHOTERÍA: obra con pedras non labradas ou pouco labradas, colocadas sen orde de ringleiras ou tamaños.




APARELLO DE CANTARÍA: cando a obra presenta pedras ben labradas e ordenadas.



## **ARCOBOTANTE**

Tamén chamado botarel. *Palabra que procede do francés arc.- boutant, e significa: arco que transmite. É un segmento de arco que nace na parte superior da nave central e que sobrevoa os tellados das naves laterais dunha construción. Serve para transmitir o peso da bóveda central ata o contraforte.* Pode haber dobre fieira de arcobotantes se a altura da nave central é moi grande. Serve tamén para conducir a auga de chuva a través do canal escavado no seu extradós ata a gárgola. Aparecen a finais do século XII en Francia e son un elemento arquitectónico típico da arquitectura gótica.



## **ARCO**

O arco é un elemento arquitectónico sustentante, de forma curva, que cubre un van entre dous puntos fixos e sobre os que reparte o empuxe exercido sobre él. Está composto por pezas ou dovelas e pode ter diversas formas:


### ➤ **Apuntado**

Tamén se chama oxival. Está formado por dous arcos de circunferencia con igual radio pero distintos centros equidistantes do punto central da recta que une os puntos de arranque e que ao cruzarse forman un ángulo. É dicir, os dous segmentos de arco dos que consta, forman un ángulo. Cando é moi apuntado chámase alancetado. Este tipo de arco é típico da arquitectura gótica.




### ➤ **Arco de ferradura.**

É un arco ultrasemicircular, característico da arquitectura musulmá e visigoda. O modelo musulmán é máis pechado e a liña do intradós e trasdós mantense paralela. Entre os exemplos de máis beleza está o do mihrab da Mezquita de Córdoba.




### ➤ **Arco de medio punto**

É un arco semicircular, equivalente a media circunferencia. É o máis habitual e utilizouse na arquitectura romana, románico, etc..



### ➤ **Arco peraltado**

É un arco de medio punto cos laterais prolongados, onde a súa altura (frecha) é maior ca metade do seu ancho (luz). Polo tanto ten máis dovelas nos laterais que un arco normal. Exemplos na arte asturiana: Santa María do Naranco.



### ➤ **Arco rebaixado**

É coma un arco de medio punto só que a curva é inferior á media circunferencia.



➤ **Arco faxón**

Atendendo á disposición do arco na construción fálase de: arco faxón e arco formeiro. Emprégase este termo para designar a aqueles arcos que se dispoñen de xeito transversal ao eixo da bóveda de canón co fin de reforzala. Tamén son denominados perpiaños. Exemplo: arcos faxóns da bóveda na nave central da catedral de Santiago de Compostela.




➤ **Arco formeiro**

Atendendo á disposición do arco na construción fálase de: arco faxón e arco formeiro. O arco formeiro é o arco paralelo ao eixo lonxitudinal dunha nave. É dicir o que separa a nave central da nave lateral.




**ARQUITRABE ou dintel**

Significa primeira viga. É o elemento horizontal que se apoia directamente sobre columnas ou outro elemento sustentante. É a parte inferior dun entaboamento. O uso de arquitrabe indica que a construción é arquivoltada é dicir nonten cuberta abovedada, senón plana. Exemplo: Arquitectura grega.



**ARQUIVOLTA**, do latín *archivolta*.

É cada un dos arcos que constitúen unha portada abucinada. Son propias da arquitectura románica e gótica. Solucionan o problema estético de abrir un van nun muro grosso. É un lugar moi decorado con motivos variados: vexetais, animais ou figurativos.



**BAIXORRELEVO**

É un tipo de relevo que sobresaie do fondo menos da metade do vulto. Tamén se chama relevo plano. Un exemplo é a Venus de Laussel (Paleolítico superior).




## **BALDAQUINO**

Termo que deriva do italiano *baldachino* co que se designaban ás teas preciosas que viñan de Bagdad. Deste xeito chámase ao dosel que cobre un trono ou un altar, unha tumba ou unha estatua. Pode estar feito de materiais diversos: tea, madeira policromada, prata, bronce... Exemplo: o *Baldaquino de San Pedro do Vaticano*, obra de Bernini.





## **BAPTISTERIO**

Significa sala de baño. É un edificio onde se atopa a pía bautismal. Pode ser unha edificación exenta e soe ser de plan central. Exemplo: o Baptisterio da Catedral de Florencia.



## **BASA**

É a parte inferior dunha columna que está en contacto co chan e na que vai apoiado o fuste. A orde dórica carecía de basa pero non así a xónica e a corintia. A xónica está formada por un toro e dúas escocias separadas por filetes e a corintia por dous toros.



## **BÓVEDA**


É unha construción que cobre un espazo comprendido entre muros, pilares ou columnas.

Hai varios tipos:

### ➤ **Bóveda de arista**

É a resultante da intersección de dúas bóvedas de canón.


É a bóveda característica da arte románica, serve para cubrir superficies cadradas e é moi pesada polo que esixe grosos muros. Exemplo: naves laterais da catedral de Santiago de Compostela.





➤ **Bóveda de cañón**

É a orixinada polo desprazamento dun arco de medio punto sobre o seu eixo lonxitudinal. Caracterizou as construcións románicas, onde se fixeron pétreas polo que foi preciso crear un sistema que soportara o seu peso (muros grosos e contrafortes). Stgo de Compostela.




➤ **Bóveda de crucería**

É a bóveda característica da arte gótica e deriva da bóveda de arista románica. Neste caso está enxendrada por arcos oxivais ou apuntados e ten a vantaxe de ser máis lixeira e flexible, polo que a estrutura gótica non precisa de muros grosos para contrarrestar o seu peso. Exemplo : *Catedral de Notre Dame de París*.

**CANON**

É a fórmula matemática (regra de proporcións) que establece a relación ideal entre as partes do corpo dunha figura en pintura ou en escultura. En Grecia, Policleto estableceu a altura total en sete cabezas no século V a.C. e Lisipo, en oito cabezas no século IV a.C.



**CAPITEL**

Procede do latín *caput*. É o remate máis ou menos decorado do fuste dunha columna, dunha pilastra ou dun piar sobre o que se asenta o arquitrabe ou dintel. A súa forma determina as ordes clásicas na arquitectura grega: dórica, xónica e corintia.

➤ **Capitel dórico**


É o remate da columna da orde dórica, formado collariño, equino e ábaco. Da nome á orde dórica e consta das seguintes partes: columna sen base, fuste estriado, composto por varios tambores e cunha éntase (abombamento na parte central) acusada; enriba do capitel está situado o entaboamento que consta de arquitrabe liso, friso decorado con triglifos e métopas, cornixa sobresainte sobre o friso e frontón triangular decorado con esculturas. O tellado era de dobre vertente e decorado nos laterais con gárgolas.

➤ **Capitel xónico**

É o remate da columna de orde xónica. Da nome á orde xónica e consta das seguintes partes: columna apoiada sobre unha base formada por escocia e toro; o fuste fino, alto, con acanaladuras e sen éntase; o capitel decorado con collariño, un equino con volutas e un ábaco ornamentado.

### ➤ Capitel corintio

É o remate da columna de orde corintia e constitúe unha variante da orde xónica. Só se diferencia do anterior polo seu capitel, que está decorado con follas de acanto e pequenas volutas.



### ➤ Capitel composto

O capitel composto é o remate da orde composta. É unha creación dos romanos xunto coa orde toscana. En proporcións e elementos compositivos é moi parecida a orde corintia. A diferenza é que a basa é máis rica en molduras e no capitel mesturanse ás volutas do xónico e as follas de acanto da orde corintia.

### CIBORIO (CIMBORRIO)

É unha torre de planta cadrada ou octogonal situada sobre o cruceiro dunha igrexa para que entre a luz. No interior ten unha cúpula ou unha bóveda. Son abundantes na arquitectura románica e gótica. Ex: na catedral de Santiago de Compostela.



### CLAROSCURO

É unha técnica pictórica que xoga co forte contraste da luz e da sombra, zonas iluminadas e zonas escuras, a fin de acentuar os volumes e resaltar a profundidade.



### CLAVE

Do latín *clavis*, chave. É a peza superior dun arco e tamén a parte central dunha bóveda. Exemplo: cripta da catedral de Santiago de Compostela, onde aparecen representados o sol e a lúa.

